



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

XUNTOS POLO NADAL

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

BENEFICIARIOS:

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroado nalgún concello galego.
- Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estadía.
- Estar vacinado fronte á COVID-19 segundo o calendario sanitario vixente.

DATAS E SERVIZOS:

Este programa levarse a cabo entre o día **22 de decembro de 2021 e o día 7 de xaneiro de 2022 en dúas quendas de 8 días cada unha (7 noites)**. A primeira quenda efectuarase no período comprendido entre **o 22 e o 29 de decembro** e a segunda entre **o 31 de decembro e o 7 de xaneiro**.

O programa comprende os seguintes servizos:

- Estadía na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

PRAZO DE SOLICITUDES E PREZO DA PRAZA:

Ata o día 15 de novembro de 2021 (incluído). As persoas participantes asistirán **de forma gratuíta** ao programa.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 27 de outubro de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

